



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E OITO DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E
DOUS
(ACTA NÚMERO 03)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinde e oito de xaneiro de dous mil vinde e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E UN DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e un de xaneiro de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DA RENOVACIÓN DAS LICENCIAS DE SOFTWARE ANTIVIRUS PARA EQUIPOS DE POSTOS DE TRABAJO DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de Contratación do subministro da renovación das licencias de software antivirus para equipos de postos de traballo da Deputación de Lugo. 2022/CON_02/000003, consta no mesmo:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7CQCTNYAB7XC7PCA554YRBMV.

Providencia de inicio, con CSV: IV7CQCTPBVK7KXJ5U54CH3QCM.

Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7CQGK6LUE37BO7Y4A5J5QQIQ.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7CQCTNDYWJQXUTAZQ5AMBFGE.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7CQPXJAAZ7TJE3WFGCNZTRMA.



Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral Adxunta, con CSV: IV7CQXP34VCTWBDWN4DPZXUOY.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7CSSXJPMB7VBHI2ZMEMJKQIU.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do subministro da renovación das licencias de software antivirus para equipos de postos de traballo da Deputación de Lugo. 2022/CON_02/000003.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, así como os criterios que se recollen para a selección da mellor oferta prezo e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado “sumario”, dado o importe da licitación, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 22.264,00 € (IVE engadido, correspondendo a partida do IVE a 3.864,00 €) de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP. O prezo total financíase de acordo as seguintes anualidades:

Ano 2022: 11.132,00 RC: 22022/287.

9200.216 (Administración Xeral, Reparacións, mantemento e conservación de equipos procesos de información).

Ano 2023: 11.132,00 RC: 220229/7.

9200.216 (Administración Xeral, Reparacións, mantemento e conservación de equipos procesos de información).

O gasto financiarase con cargo as anualidades 2022 e 2023, para a anualidade 2022 figura crédito dispoñible adecuado e suficiente no orzamento, e para a anualidade 2023 a Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2023, as cantidades indicadas nas aplicacións sinaladas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS E ACTUACIÓNS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 17 de xaneiro de 2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:



Orden de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV7FU6KOD5W77KNICMIAIYADCU1.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7FQ3A2DAV5LCF7YJVXA3Z7MU.

Prego de prescricións técnicas, asinado pola Xefa da Unidade de Proxectos (Lote I), CSV: IV7FU6KMIBBSZXPOZQHMFIVC4.

Prego de prescricións técnicas, asinado polo Xefe do Servizo de Vías e Obras (Lote II), CSV: IV7FQ3A3JJHIZT7LQQFTMFR7CY.

Prego de prescricións técnicas, asinado polo Xefe do Parque Móbil (Lote III), CSV: IV7FQ4CSJQP7V3JNUNWMN4BWK4.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7FULX4HQPLVLZ34TWQB5LUH4.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7FRWCK3Y4OQWZC2X6EEYRXOE.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7FRWCOJL7Z73MTBU5ROMYRKY.

Informe de fiscalización previa, con CSV: IV7FRWLC3JHMT3VL4UV577YX6Y.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7FRWXZKHUKV36P3UHHCPYCOA.

Acordo da Xunta de Goberno de data 1 de outubro de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7FS6723J65R77ISXXSGBSTGQ.

Acta da Mesa de Contratación do día 11 de novembro de 2021, con CSV IV7FYOIZ35PTUWZ6BUMCJ5ZG7Y, que acordou o seguinte:

“Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres A dos licitadores concorrentes a esta licitación, que segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público son os seguintes (a todos os lotes):

1 Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

LICITADORES
APPLUS NORCONTROL S.L.U.
ENMACOSA CONSULTORIA TECNICA S.A.
INVESTIGACIÓN Y CONTROL LUGO S.L.

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa Presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, e considerando que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, a mesa de contratación acorda admitir as ofertas presentadas por todos os licitadores, procedendo acto seguido á cualificación dos sobres electrónicos A, cos seguintes resultados: Os Anexos I presentados polas empresas axústanse aos requisitos recollidos no PCAP.

A continuación procédese á apertura do sobres B, relativo aos criterios de adxudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, cos seguintes resultados:

LOTE I	APPLUS NORCONTROL SLU	ENMACOSA CONSULTORIA TECNICA SA	INVESTIGACIÓN Y CONTROL LUGO SL
DESCONTO %	12%	1,8%	35,2%
XEÓLOGO	SI	SI	SI

LOTE II	APPLUS NORCONTROL SLU	ENMACOSA CONSULTORIA TECNICA SA	INVESTIGACIÓN Y CONTROL LUGO SL
DESCONTO %	23%	37%	35,2%
XEÓLOGO	SI	SI	SI

LOTE III	APPLUS NORCONTROL SLU	ENMACOSA CONSULTORIA TECNICA SA	INVESTIGACIÓN Y CONTROL LUGO SL
DESCONTO %	23%	37%	35,2%
XEÓLOGO	SI	SI	SI

A mesa de contratación acorda outorgar as seguintes puntuacións:

LOTE I	APPLUS NORCONTROL SLU	ENMACOSA CONSULTORIA TECNICA SA	INVESTIGACIÓN Y CONTROL LUGO SL
DESCONTO %	30,68	4,60	90
XEÓLOGO	10	10	10
TOTAL	40,68	14,60	100

LOTE II	APPLUS NORCONTROL SLU	ENMACOSA CONSULTORIA TECNICA SA	INVESTIGACIÓN Y CONTROL LUGO SL
DESCONTO %	55,95	90	85,62
XEÓLOGO	10	10	10
TOTAL	65,95	100	95,62



LOTE III	APPLUS NORCONTROL SLU	ENMACOSA CONSULTORIA TECNICA SA	INVESTIGACIÓN Y CONTROL LUGO SL
DESCONTO %	55,95	90	85,62
XEÓLOGO	10	10	10
TOTAL	65,95	100	95,62

Acto seguido procédese á comprobación de se algunha das propostas está incursa en valores anormais ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, cos seguintes resultados:

As ofertas económicas dos lotes 2 e 3 non están incursas en valores anormais ou desproporcionados.

A oferta económica presentada por Investigación y Control Lugo, S.L. ao Lote I si está incursa en valores anormais ou desproporcionados: (...)

Acta da Mesa de Contratación do día 19 de novembro de 2021, con CSV IV7F26KSLMP55KHKQYWRKIJSKY, que acordou o seguinte:

“Pola Presidencia dáse conta de que foi detectado un erro nos cálculos de ofertas anormalmente baixas ou desproporcionadas dos lotes II e III da presente licitación, realizados na sesión anterior da Mesa de Contratación, celebrada en data 11 de novembro, xa que non se tivo en conta o disposto na cláusula 13.1 do PCAP, segundo o cal cando concorran tres licitadores, en calquera caso considerárase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais. Polo tanto, si existen ofertas incursas en valores anormais ou desproporcionados nestes lotes e son as seguintes:

Lote II, control de calidade nas obras e servizos de conservación dirixidos desde o Servizo de Vías e Obras: Están incursas en valores anormais ou desproporcionados as ofertas de ENMACOSA Consultoria Tecnica S.A. (baixa de 37%) e Investigación y Control Lugo S.L. (baixa de 35,2%).

Lote III, control de calidade relativo ás prestacións executadas por administración desde o Servizo de Parque Móbil: Están incursas en valores anormais ou desproporcionados as ofertas de

ENMACOSA Consultoria Tecnica S.A. (baixa de 37%) e Investigación y Control Lugo S.L. (baixa de 35,2%).

Á vista do exposto, a mesa de contratación acorda, de conformidade co establecido no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) e cláusula 13 do PCAP, en canto aos lotes II e III da presente licitación, conceder o trámite de audiencia ás empresas ENMACOSA Consultoria Tecnica S.A. e Investigación y Control Lugo S.L., para que, no prazo de 5 días hábiles, xustifiquen e desglosen razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro e precise as súas condicións, nos aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP, que ao respecto sinala: “... en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción; as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; a innovación e orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; o respecto de obrigas que resulten aplicables, en materia medioambiental, social ou laboral e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP; ou a posible obtención dunha axuda do Estado”, ademais do establecido na cláusula decimo terceira do PCAP que rexe a contratación deste servizo.

Así mesmo, a Mesa acorda deixar sen efecto a proposta de clasificación efectuada en sesión de data 11 de novembro de 2021”.

Acta da Mesa de Contratación do día 15 de decembro de 2021, con CSV IV7FGHQP2BWL5SB4QEFHMHQOBY, que acordou o seguinte:

(...) “A empresa Investigación y Control Lugo S.L. presentou xustificación de oferta anormalmente baixa para o lote I con data 19 de novembro de 2021 e, con data 26 de novembro de 2021, presentou xustificación para os lotes II e III. A empresa ENMACOSA Consultoria Tecnica S.A. non presentou xustificación da súa oferta.

Emitíronse informes das unidades xestoras sobre as xustificacións presentadas:

Lote I: Informe asinado pola Técnica Superior de Edificacións e Obras da Unidade de Proxectos, con CSV IV7F3SS6L7Z7R6674QVEEIZTA4.



Lote II: Informe asinado polo Xefe da Sección de Vías e Obras, con CSV IV7FFT2TOD42IWMKWVSGA26LY.

Lote III: Informe asinado polo Xefe da Sección de Vías e Obras e polo Xefe do Parque Móbil, con CSV IV7FGTB3PD4IV2OZUDUU4J3OMU.

Os tres informes conclúen que se consideran suficientemente xustificada as ofertas presentadas por Investigación y Control Lugo S.L. e están publicados integramente no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>, e serán publicados na Plataforma de Contratos do Sector Público.

A Mesa acorda asumir como propios os informes anteditos e aceptar as xustificacións das ofertas presentadas por Investigación y Control Lugo S.L. para os lotes I, II e III, por unanimidade dos presentes.

A Mesa acorda, así mesmo, excluír á licitadora ENMACOSA Consultoria Tecnica S.A. dos lotes II e III da presente licitación, por non ter xustificado as ofertas presentadas, incursas en presunción de anormalmente baixas ou desproporcionadas.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

Excluír á licitadora ENMACOSA Consultoria Tecnica S.A. dos lotes II e III da presente licitación, por non ter xustificado as ofertas presentadas, incursas en presunción de anormalmente baixas ou desproporcionadas.

Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

LOTE I Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	INVESTIGACIÓN Y CONTROL LUGO SL	100
2	APPLUS NORCONTROL SLU	40,68
3	ENMACOSA CONSULTORIA TECNICA SA	14,60

LOTE II Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	INVESTIGACIÓN Y CONTROL LUGO SL	95,62
2	APPLUS NORCONTROL SLU	65,95

LOTE III Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	INVESTIGACIÓN Y CONTROL LUGO SL	95,62
2	APPLUS NORCONTROL SLU	65,95

Requirir á empresa Investigación y Control Lugo SL para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

LOTES	IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (orçamento de licitación)	IMPORTE DA GARANTÍA COMPLEMENTARIA 10% (cláusula 10 PCAP)
I	51.544,56 €	5.154,46 €
II	81.406,48 €	8.140,65 €
III	11.774,24 €	1.177,42 €

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 17 de xaneiro de 2022, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente. Incorpórase ao expediente certificado de apoderamento no Rexistro Xeral de Contratistas da C.A. de Galicia asinado pola Secretaria da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, certificados da Axencia Estatal de Administración Tributaria, da Seguridade Social e da Recadación Provincial, cartas de pago das garantías depositadas e informe do Servizo de Vías e Obras.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o



integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Investigación y Control Lugo S.L. a contratación por lotes do servizo de control de calidade das obras e actuacións da Deputación de Lugo. 2021/con_02/000066.

Lote I, control de calidade nas obras e actuacións dos diferentes servizos desta Deputación, salvo o de Vías e Obras.

Lote II, control de calidade nas obras e servizos de conservación dirixidos desde o Servizo de Vías e Obras.

Lote III, control de calidade relativo ás prestacións executadas por administración desde o Servizo de Parque Móbil.

A empresa adxudicataria comprométese a prestar o servizo polo prazo de dous anos, cun desconto do 35,2% sobre os prezos unitarios e con disposición dun licenciado en Xeoloxía ou titulación equivalente cun mínimo de 10 anos de experiencia profesional e polos seguintes importes máximos:

LOTES	BASE IMPONIBLE	IVE	IMPORTE TOTAL
LOTE I	51.544,56 €	10.824,36 €	62.368,92 €
LOTE II	81.406,48 €	17.095,36 €	98.501,84 €
LOTE III	11.774,24 €	2.472,60 €	14.246,84 €
TOTAL	144.725,28 €	30.392,32 €	175.117,60 €

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Investigación y Control Lugo S.L. a contratación por lotes do servizo de control de calidade das obras e actuacións da Deputación de Lugo. 2021/CON_02/000066.

Lote I, control de calidade nas obras e actuacións dos diferentes servizos desta Deputación, salvo o de Vías e Obras.

Lote II, control de calidade nas obras e servizos de conservación dirixidos desde o Servizo de Vías e Obras.

Lote III, control de calidade relativo ás prestacións executadas por administración desde o Servizo de Parque Móbil.

A empresa adxudicataria comprométese a prestar o servizo polo prazo de dous anos, cun desconto do 35,2% sobre os prezos unitarios e con disposición dun licenciado en Xeoloxía ou titulación equivalente cun mínimo de 10 anos de experiencia profesional e polos seguintes importes máximos:

LOTES	BASE IMPONIBLE	IVE	IMPORTE TOTAL
LOTE I	51.544,56 €	10.824,36 €	62.368,92 €
LOTE II	81.406,48 €	17.095,36 €	98.501,84 €
LOTE III	11.774,24 €	2.472,60 €	14.246,84 €
TOTAL	144.725,28 €	30.392,32 €	175.117,60 €

A distribución por anualidades é a seguinte:

LOTES	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS/TOTAIS	ANOS	IMPORTES	DOCUMENTOS
LOTE 1-UNIDADE DE PROXECTOS	9200.22706/ 62.368,92 €	2022 (DENDE 01/03/22)	25.987,05	D: 92022/1157
		2023	31.184,46	D:920229/18
		2024 (ATA O 29/02/24)	5.197,41	D:920229/19
LOTE 2-VÍAS E OBRAS	4500.22706/98.501,84€	2022 (DENDE 01/03/22)	41.042,43	D:92022/1158
		2023	49.250,92	D:920229/20
		2024 (ATA O 29/02/24)	8.208,49	D:920229/21
LOTE 3- PARQUE MÓBIL	9201.22706/14.246,84€	2022 (DENDE 01/03/22)	5.936,18	D:92022/1159
		2023	7.123,42	D: 20229/22
		2024 (ATA O 29/02/24)	1.187,24	D:920229/23
	TOTAIS 175.117,60 €	2022	72.965,66	
		2023	87.558,80	
		2024	14.593,14	



Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2022, pola cantidade de 72.965,66 €, para a anualidade 2022.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2023 e 2024 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

4º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, , e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbera interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN GRUPO ELECTRÓXENO PARA A GRANXA GAYOSO CASTRO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 21 de xaneiro de 2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Informe de necesidade: IV7FY7ZLZU77VX46AFHRMX3QKY2.

Providencia de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV7FY7ZIJM6PLT55XROF6EDTEA.

Solicitud de consignación, con CSV: IV7FY7ZILRZK3BGOAX7TB4CBIA.

Informe da unidade tramitadora, con CSV: IV7FY7ZIOERMLDWK4LVHIUZCCY.

Informe de Intervención de consignación orzamentaria, con CSV: IV7FYKRMNAMCZS622AOE4IKFMM.

Memoria xustificativa, con CSV: IV7F22R7JVMILZHKULXHCBQAO4.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7F22R7KFRYXKM54FXVP52FN4

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7FE3YIKFNNUXRLUUYA6B2E4Y.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7FE7C7ODRZQTZJ4VQBO57RAY.

Informe de fiscalización/intervención limitada previa del expediente, con CSV: IV7FE4C2BP47ZHXIBVVFV4VLXEA.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7FEDDZDUGDJOH64FA5IT2A64.

Acordo da Xunta de Goberno de data 03 de decembro de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7FGSYZZYBS56UO4VQDEXRW5Y.

Anuncio de licitación, publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público, o día 03 de decembro do 2021.

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

² Os códigos seguros de validación resultan accesibles na sede electrónica na dirección web: <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Acta da Mesa de Contratación do día 22 de decembro de 2021, con CSV: IV7FGSYZZYBS56UO4VQDEXRW5Y, na que se recolle o seguinte:

“Pola Presidencia dáse conta aos asistentes de que á licitación concorren, segundo os datos que obran na plataforma de contratación do sector público as seguintes empresas:

LICITADORES
MANUEL NOVOA CASTRO
SMG IBERIA S.L.

Comprobado que ambas proposicións foron presentadas en prazo, e que ambos licitadores están dados de alta no rolece, procédese a admitilas e a apertura en acto público destas, a través da retransmisión en streaming.

Tendo en conta que ambas empresas presentan a declaración responsable denominada “Anexo I”, de conformidade cos requisitos esixidos no PCAP, procédese á valoración das propostas presentadas, atendendo as fórmulas matemáticas recollidas no PCAP, cos seguintes resultados:

LICITADORES	PREZO OFERTADO	NOTA	GARANTÍA OFERTADA	NOTA	NOTA TOTAL
MANUEL NOVOA CASTRO	24.767,01 €	86,34	24	10	96,34
SMG IBERIA S.L.	23.760,77 €	90	24	10	100

A continuación compróbase que ningunha das propostas presentadas se atopa incurso en valores anormalmente baixos ou desproporcionados en relación co criterio prezo, polo que a mesa de contratación acorda:

1º.- Outorgar as seguintes puntuacións:

LICITADORES	PREZO OFERTADO	NOTA	GARANTÍA OFERTADA	NOTA	NOTA TOTAL
MANUEL NOVOA CASTRO	24.767,01 €	86,34	24	10	96,34
SMG IBERIA S.L.	23.760,77 €	90	24	10	100

2º.- Clasificar as ofertas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	NOTA TOTAL
1º	SMG IBERIA S.L	100
2º	MANUEL NOVOA CASTRO	96,34

3º.-Requirir á empresa SMG Iberia S.L., para que no prazo de sete días hábiles presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 159.4 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas - sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece), concretamente debe achegar documento fidedigno que acredite as facultades de representación do asinante da oferta, verificado de suficiencia (bastanteado) por quen teña facultades para elo, e declaración responsable de que dito apoderamento segue vixente. (para o caso de que o asinante da proposición teña a condición de administrador único ou solidario e dito extremo sexa comprobable coa documentación aportada, non será necesario o bastanteo); significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade. (...)”.

Requirimento de documentación, cursado a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 10 de xaneiro de 2022.

Documentación presentada pola empresa SMG Iberia S.L., a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 13 de xaneiro de 2022.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, aos efectos de examinar a documentación do artigo 159 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente. Incorporárase ao expediente escritura de elevación a público de acordos sociais (nº 628 e protocolo), na que figura que o asinante da proposición é administrador único da mercantil, e declaración responsable da empresa de que dito apoderamento segue vixente.



Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa SMG Iberia S.L. a contratación da subministración dun grupo electrógeno para a Granxa Gayoso Castro da Deputación de Lugo, por importe de 19.637,00 euros, ao que se aplicará un IVE do 21%, 4.123,77 euros, o que fai un total de 23.760,77 euros, cun prazo de garantía de 48 meses.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	NOTA TOTAL
1º	SMG IBERIA S.L	100
2º	MANUEL NOVOA CASTRO	96,34

2º.- Adxudicar á empresa SMG Iberia S.L. a contratación da subministración dun grupo electrógeno para a Granxa Gayoso Castro da Deputación de Lugo, por importe de 19.637,00 euros, ao que se aplicará un IVE do 21%, 4.123,77 euros, o que fai un total de 23.760,77 euros, cun prazo de garantía de 48 meses.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais

esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Instar á formalización do contrato, que se efectuará pola firma da aceptación polo contratista da resolución de adxudicación, conforme ao previsto no artigo 159.6 letra g) da LCSP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Primeiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: LUGO-GUNTÍN.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-2901 “LU-232 – O Burgo”, P.K 5+500 a 13+100.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: LUGO-GUNTÍN.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-2901 “LU-232 – O Burgo”, P.K 5+500 a 13+100, consta no mesmo:

Proxecto da obra LUGO-GUNTÍN.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-2901 “LU-232 – O Burgo”, P.K 5+500 a 13+100, con CSV: IV7F66QPIBX34W5ORRFXO43XBY.

Acordo Plenario do 31 de outubro de 2017, polo que se aproba o Plan Extraordinario de Rehabilitación de Firmes de Vías Provinciais 2017-2019 (PERF 2017/19).

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7F66R7NI4ILHFSBUXWCB7PEA.



Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7F66R4NNXSZ7GMDVUQCADGEY.

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7F66R73IN6IT6NQBIRFYXQEQ.

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7CUXT6IEXD727LWAUXEQPWKM.

Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7CQCACJVJYLOMOQY5BMQA7HY.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7CQCK2FNVJ7LV54TW4EAITIM.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: LUGO-GUNTÍN.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-2901 “LU-232 – O Burgo”, P.K 5+500 a 13+100, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 369.823,81 €, dos cales 64.184,30 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: CHANTADA-TABOADA-ANTAS DE ULLA.- Rehabilitación superficial do firme, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-1809 “Chantada (N-540-A) – Antas de Ulla (N-640)”, P.K. 3+625 a 23+800.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: CHANTADA-TABOADA-ANTAS DE ULLA.- Rehabilitación superficial do firme, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-1809 “Chantada (N-540-A) – Antas de Ulla (N-640)”, P.K. 3+625 a 23+800, consta no mesmo:

Proxecto da obra CHANTADA-TABOADA-ANTAS DE ULLA.- Rehabilitación superficial do firme, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-1809 “CHANTADA (N-540-A) – Antas de Ulla (N-640)”, P.K. 3+625 a 23+800, con CSV: IV7CUSBJ3UB2LVN5QJ5UK5HUK4.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7CUTZNBD5Y3ONZ2EYH47QTPY.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7CUSBPBJZS3273U4FN77QEG4.

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7CUSBOHTV277VPYMNISOFYBEE.

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7CUQKMLUR77RHOTQYFERZUGA.

Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscripción de póliza seguro todo risco construción.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7CQCACIAO62XVD6YEXM3RE64.



Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7CQCK3FYZ6QVEKCX7C4BLOAM.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: CHANTADA-TABOADA-ANTAS DE ULLA.- Rehabilitación superficial do firme, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-1809 “Chantada (N-540-A) – Antas de Ulla (N-640)”, P.K. 3+625 a 23+800, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 214.078,25 €, dos cales 37.154,08 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: NAVIA DE SUARNA- CERVANTES.- Rehabilitación superficial*

do firma, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-3505 “Navia (LU-P-722)- Vilaquinte – Donís (LU-P-1401)”, P.K. 0+970 a 26+654.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: NAVIA DE SUARNA- CERVANTES.- Rehabilitación superficial do firma, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-3505 “Navia (LU-P-722)- Vilaquinte – Donís (LU-P-1401)”, P.K. 0+970 a 26+654, consta no mesmo:

Proxecto da obra NAVIA DE SUARNA- CERVANTES.- Rehabilitación superficial do firma, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-3505 “Navia (LU-P-722)- Vilaquinte – Donís (LU-P-1401)”, P.K. 0+970 a 26+654, con CSV: IV7CUXXTYEHNLGJDY7XX55SG4A.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7CUXXSBB6CRLUJCUYBCVASO4.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7CUXXSZFMIXTPL6BIHOJIWGY.

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7CUX3KPY5M6X46XUPV75RXII.

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7CUUDJDZMMZDOT7QVF4XSWM4.

Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7CQCACLJ6736FSUQUXPYR7DY.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7CQCKYDIOS4W6PAAQVA3TSF4.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: NAVIA DE SUARNA- CERVANTES.- Rehabilitación superficial do firme, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-3505 “Navia (LU-P-722)- Vilaquinte– Donís (LU-P-1401)”, P.K. 0+970 a 26+654, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 154.330,66 €, dos cales 26.784,66 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: A FONSAGRADA-RIBEIRA DE PIQUÍN.- Rehabilitación superficial do firme, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-1906 “Pedrafñetas (LU-530) – Vilares – Os Cangos (LU-P-5404)” P.K. 0+000 a 14+234.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: A FONSAGRADA-RIBEIRA DE PIQUÍN.- Rehabilitación superficial do firme, mediante regos con

gravilla, da estrada provincial LU-P-1906 “Pedrafitelas (LU-530) – Vilares – Os Cangos (LU-P-5404)” P.K. 0+000 a 14+234, consta no mesmo:

Proxecto da obra A FONSAGRADA-RIBEIRA DE PIQUÍN.- Rehabilitación superficial do firme, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-1906 “Pedrafitelas (LU-530) – Vilares – Os Cangos (LU-P-5404)” P.K. 0+000 a 14+234, con CSV: IV7CUX2NGEG5TNJJA3UVCP2PIM.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7CUX2OFERL5JNT6MAVEMRQ6E.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7CUXZKJTZ3JNFMZU7EL5CRAM.

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7CUX2MAB5IZTMOWBXTIFTV4Y.

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7CUUDNJIEJ3CWOYNYQOYZB6A.

Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7CQCACLUXTROH7Y4N4EFXPF4.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7CQCK7FV65X3UN2NIWGTJTCOI.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: A FONSAGRADA-RIBEIRA DE PIQUÍN.- Rehabilitación superficial do firme, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-1906 “Pedrafitelas (LU-530) – Vilares – Os Cangos (LU-P-5404)” P.K. 0+000 a 14+234, sometelo a información pública por



espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 114.162,80 €, dos cales 19.813,38 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE PROXECTO DE INVESTIMENTOS DE DIVERSAS OBRAS DO PLAN ÚNICO 2021.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Láncara, solicitando modificación do proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Láncara no que solicita a modificación do proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12-01-2021.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2021.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 30/03/2021.

Por acordo da Xunta de Goberno, de data 20/08/2021 acordouse a inclusión do investimento que se indica, con cargo a remanentes producidos na adxudicación dos investimentos inicialmente incluídos no PUCC/21:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
LÁNCARA	REM	MELLORA DE FIRME CRUCE DAS RÚAS ROSALÍA DE CASTRO E CONCEPCIÓN ARENAL	5.702,69€	9.618,77€	15.321,46€

O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan único e a declaración responsable coas coordenadas UTM.

A Alcaldía do Concello de Láncara a través de escrito de data 12/01/2021 solicita:

A modificación do proxecto do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2021, concretamente o investimento nº Remanentes, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, en síntese, "incidencias na execución da obra ... o formigón usado no acabado das glorietas non é o proxectado debido a erro técnico...", polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
LÁNCARA	REM	MODIFICADO MELLORA DE FIRME CRUCE DAS RÚAS ROSALÍA DE CASTRO E CONCEPCIÓN ARENAL	5.702,69€	9.618,77€	15.321,46€



A base 17, indica que “... se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto de obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente (...) que deberá ser aprobado polo Concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Se o investimento xa esta adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá contar tamén cun informe favorable da Intervención do Concello”. Así mesmo tamén sinala “... calquera incremento que se derive de modificación de contrato, ... deberá ser financiado integramente polo Concello, salvo aquelas modificacións, (...) que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación”.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2021, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello de Láncara que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2021”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Láncara, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Único de Cooperación cos concellos 2021 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
LÁNCARA	REM	MODIFICADO MELLORA DE FIRME CRUCE DAS RÚAS ROSALÍA DE CASTRO E CONCEPCIÓN ARENAL	5.702,69€	9.618,77€	15.321,46€

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DE DIVERSAS OBRAS DO PLAN ÚNICO 2021.

Primeiro.- *Escrito do Concello de Sarria, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimentos 288-290-294 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. (PUC/21).*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:



“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Sarria, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (288-290-294) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30/03/2021, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Sarria presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
SARRIA	288	REXENERACIÓN E RENOVACIÓN DE VÍAS MUNICIPAIS: ACCESOS A SAN ANDRÉS, VILAMAIOR, VILAR DE LAMAS, HERMIDA, CHORENTE, SIXTO, CESAR, SAN FIZ DE REIMÓNDEZ, FARBÁN, O MAZADOIRO, SANTALLA DE AREXEMIL E SAN ANTOLÍN	1531.76201	40.959,83€
	290	EXECUCIÓN DE VARIOS PASOS DE PEÓNS SOBREELEVADOS NO NÚCLEO URBANO DE SARRIA	1340.76201	203,53€
	294	SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTOS PARA O MATADOIRO MUNICIPAL: SERRAS DESPECE E CADEA PARA CESTA DO FOXO DE GASES DE PORCINO	4190.76201	82,28€

Por escrito de data 14/01/2022 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
SARRIA	REM	OBRAS DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN DE VÍAS MUNICIPAIS: "ACCESO AO NÚCLEO DE FONTEABUÍN", "ACCESOS DENTRO DO NÚCLEO DE BETOTE", "ACCESO A CURRIAL (MASIDE)", "SOBREANCHOS EN SAN ANDRÉS DE PARADELA", "CONTINUACIÓN PISTA EN VILAR DE LAMAS", "ACCESO A VILAMAIOR(LOCAL SOCIAL)" E "ACCESO A BADE".	1531.76201	261,00€	40.959,83€	41.220,83€
	REM	SUBMINISTRACIÓN DE SINAL REFLECTANTE PLEGABLE E BOLSA PORTASINAIS	1340.76201	--	203,53€	203,53€
	REM	SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTOS PARA O MATADOIRO MUNICIPAL:COITELOS E CHAIRA	4190.76201	--	82,28€	82,28€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2021, "...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.



Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Sarria, no Plan Único 2021.”

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Sarria e incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTIMENTO
SARRIA	REM	OBRAS DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN DE VÍAS MUNICIPAIS: “ACCESO AO NÚCLEO DE FONTEABUÍN”, “ACCESOS DENTRO DO NÚCLEO DE BETOTE”, “ACCESO A CURRIAL (MASIDE)”, “SOBREANCHOS EN SAN ANDRÉS DE PARADELA”, “CONTINUACIÓN PISTA EN VILAR DE LAMAS”, “ACCESO A VILAMAIOR(LOCAL SOCIAL)” E “ACCESO A BADE”.	1531.76201	261,00€	40.959,83€	41.220,83€
	REM	SUBMINISTRACIÓN DE SINAL REFLECTANTE PLEGABLE E BOLSA PORTASINAIS	1340.76201	--	203,53€	203,53€
	REM	SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTOS PARA O MATADOIRO MUNICIPAL:COITELOS E CHAIRA	4190.76201	--	82,28€	82,28€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- Escrito do Concello de Abadín, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimentos 1-2-3-4 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. (PUC/21).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Abadín, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (1-2-3-4) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.



Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30/03/2021, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Abadín presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
ABADÍN	1	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE LABRADA (SAN PEDRO) E ROMARIZ (SAN XOAN)	1531.76201	3.534,40€
	2	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE BARONCELLE (SANTIAGO), CASTROMAIOR (SAN XOAN, CORVITE (SAN PEDRO) E MONCELOS (SANTIAGO)	1531.76201	8.109,18€
	3	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE ABADÍN (SANTA MARÍA) E FANOI (SANTA MARÍA MAGDALENA)	1531.76201	9.056,04€
	4	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE ABELEDO (SANTA MARÍA), MONCELOS (SANTIAGO), SEIVANE DE VILARENTE (SAN XOAN) E GRAÑA DE VILARENTE (SANTA MARÍA MAGDALENA)	1531.76201	7.749,46€

Por escrito de data 13/01/2022 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
ABADÍN	REM	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE ABELEDO, CORVITE, MONCELOS, ROMARIZ E SEIVANE DE VILARENTE	1531.76201	--	28.449,08€	28.449,08€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2021, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación,

someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Abadín, no Plan Único 2021.”

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Abadín e incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
ABADÍN	REM	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE ABELEDO, CORVITE, MONCELOS, ROMARIZ E SEIVANE DE VILARENTE	1531.76201	--	28.449,08€	28.449,08€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS MODELOS PARA A TRAMITACIÓN DAS SUBVENCÍONS DIRECTAS DE CARÁCTER EXCEPCIONAL POR IMPORTE IGUAL OU SUPERIOR A 15.000,00 €.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: Informe relativo á Tramitación das subvencións directas de carácter excepcional por importe igual ou superior a 15.000,00 €.

En relación ao asunto de referencia, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase o seguinte informe,

Antecedentes de feito.

Primeiro. Por resolución presidencial, de data 25 de xaneiro de 2022 se aprobou, para a tramitación das subvencións directas nominativas e das subvencións directas de carácter excepcional por importe inferior a 15.000,00 € que se concedan no sucesivo, a seguinte documentación:

1. Os modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións directas nominativas.

Anexo I- Solicitude.

Anexo II- Certificado do/a Secretario/a da entidade.

Anexo III- Solicitude de autorización para a subcontratación, total ou parcial, con terceiros da actuación subvencionable.

Anexo IV- Compromiso de obtención de licenzas e autorizacións preceptivas para a execución das obras.

2. As instrucións para a cumprimentación dos modelos normalizados de solicitude (Anexos) de subvencións directas nominativas e a documentación que debe acompañar aos mesmos.

3. Os convenios tipo, atendendo a natureza xurídica dos beneficiarios:

Convenio tipo canalizador das subvencións directas nominativas a formalizar con entidades privadas.

a) convenio tipo para subvencións directas nominativas por importe inferior a 15.000,00 € (conta xustificativa simplificada en base ao establecido no artigo 32.1 da OXS).

b) convenio tipo para subvencións directas nominativas por importe igual ou superior a 15.000,00 € (conta xustificativa simplificada en base ao establecido no artigo 32.2 da OXS).

Convenio tipo canalizador das subvencións directas nominativas a formalizar con entidades públicas (conta xustificativa mediante certificación en base ao establecido no artigo 28.5 da LSG e na base 24.9 de execución do vixente orzamento da Deputación).

4. O Protocolo interno de tramitación da concesión de subvencións directas nominativas.

5. Os modelos normalizados de xustificación (Anexos) das subvencións directas nominativas.

Anexo – Certificación xenérica (para entidades públicas)

Anexo I- Memoria económica

Anexo II- Relación clasificada de gastos

Anexo III- Declaración conxunta

Anexo IV- Declaración de destino do ben

Coa indicación de que a documentación aprobada para a concesión, tramitación e xustificación das subvencións nominativas servirá de base para a concesión, tramitación e xustificación das subvencións directas de carácter excepcional cando se trate de subvencións por importe inferior a 15.000,00 €.e que os convenios tipo aprobados poden ser obxecto de adaptación en casos excepcionais e previo informe emitido pola Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento conformado pola Secretaría e sempre e cando non afecte ao contido sustancial do convenio,

Fundamentos de dereito.

Primeiro. – Na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (no sucesivo LXS) establece, concretamente no artigo 22.2.c), o seguinte: “Con carácter excepcional, aquelas outras



subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria”.

Previsión que aparece recollida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (no seu artigo 19.4 c)), na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo publicada no B.O.P de Lugo o 13 de abril de 2021 (no seu artigo 15 c)) e nas bases do Orzamento Xeral vixente da Deputación de Lugo (actualmente na base 24.3).

Segundo.- Trátase dunha acción administrativa enmarcada na actividade de fomento da entidade provincial, cuxo título competencial se desprende do artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e do artigo 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Estas previsións específicas sobre o réxime local, complementáanse coa lexislación sectorial, estatal ou autonómica, en tanto que segundo a STC 41/2016, de 3 de marzo, a lexislación sectorial atribúe competencias ás entidades locais.

Terceiro.- Segundo o establecido no artigo 29.5 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación publicada no B.O.P de Lugo o 13 de abril de 2021 (que entrou en vigor o 5 de maio de 2021), as subvencións directas de carácter excepcional se canalizarán a través dun convenio.

Cuarto.- Segundo o disposto no artigo 8 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo publicada no B.O.P de Lugo o 13 de abril de 2021 “os órganos competentes para a concesión das subvencións son os que se determinen nas Bases de execución do orzamento, tomando como referencia o importe dos contratos menores (establecido na normativa de contratos das Administracións Públicas vixente).

Na base 24^a.4 “órganos competentes en materia de subvencións” de Execución do Orzamento para a anualidade 2022 , establécese o seguinte:

“(…)

Concesión directa: o órgano competente para o seu outorgamento é o Presidente a proposta do Delegado correspondente sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00 € de xeito individual, e a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores. O órgano competente para aprobar a xustificación e o pagamento é o Ilmo. Sr. Presidente a proposta do Delegado correspondente.”

Conclusiones,

Por todo o exposto, e coa finalidade de axilizar e homoxeneizar o procedemento de tramitación de subvencións directas de carácter excepcional informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Que a documentación aprobada por resolución presidencial, de data 25 de xaneiro de 2022, e que se acompaña ao expediente, sirva de base para a tramitación das subvencións directas de carácter excepcional por importe igual ou superior a 15.000,00 € e que os convenios tipo aprobados podan ser obxecto de adaptación en casos excepcionais e previo informe emitido pola Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento conformado pola Secretaría e sempre e cando non afecte ao contido sustancial do convenio”.

Por todo o exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Que a documentación aprobada por resolución presidencial, de data 25 de xaneiro de 2022, e que se acompaña ao expediente, sirva de base para a tramitación das subvencións directas de carácter excepcional por importe igual ou superior a 15.000,00 €, e que os convenios tipo aprobados podan ser obxecto de adaptación en casos excepcionais e previo informe emitido pola Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento conformado pola Secretaría e sempre e cando non afecte ao contido sustancial do convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Prórroga do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pol para a achega do medio propio "Empresa de Transformación Agraria S.A,*



SME, MP (TRAGSA)" para a realización de actuacións tendentes á prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Pol.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o Informe do Servizo de Contratación e Fomento, do seguinte tenor literal:

“En relación co expediente, relativo ao encargo da Deputación Provincial de Lugo á Empresa de Transformación Agraria S.A., S.M.E. M.P. (TRAGSA), para a realización de actuacións tendentes á prestación do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Pol.

Unha vez examinados os seguintes antecedentes:

1.- Acordo de Xunta de Goberno, do día 23 de xullo de 2021, con CSV: IV7E2S2OZ4F4RFP7AMNTO3Z64U, pola que encargan ao medio propio personificado e servizo técnico, Empresa de Transformación Agraria S.A. S.M.E. M.P. a realización de actuacións tendentes á prestación do servizo de Axuda no Fogar do Concello de Pol.

2.- Consta no expediente escrito do Concello de Pol, no que se solicita a prórroga do convenio entre o Concello e a Deputación Provincial de Lugo asinado o día 23.07.2021 por un período de seis meses.

Consideracións xurídicas:

Primeira.- En canto a posibilidade de que por parte da Deputación de Lugo poda facérselle o encargo a TRAGSA ou a súa filial TRAGSATEC, xa consta no informe técnico e xurídico que obra no expediente, a saber Informe con CSV: IV7EZTKT3IN4R6GPWZHWNZJRCQ.

Segunda.- No que respecta a prórroga, xa estaba previsto no punto noveno do encargo orixinal e na cláusula segunda do convenio polo que se cede o medio propio ao concello a posibilidade de prórroga por un período de seis meses.

Tendo en conta que os traballos a realizar son os mesmos que na encomenda orixinal e que os prezos ofertados se facturan conforme ás tarifas correspondentes, considérase que se manteñen inalterables os termos da encomenda.

Terceira.- No relativo á prórroga do convenio, o contido dos convenios detállase, segundo se indicou, nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público. Precisamente o artigo 49, letra h) desta LRXSP establece, en canto ao prazo de vixencia dos convenios o seguinte:

“(...) h) Prazo de vixencia do convenio tendo en conta as seguintes regras:

1.º Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que normativamente esté previsto un prazo superior.

2.º En calquer momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción (...)”.

Cuarta.-Polo que se refire ao órgano competente para a aprobación de acordo co disposto na Disposición adicional segunda. Competencias en materia de contratación nas Entidades Locais, correspóndelle ao Presidente, tendo delegado na Xunta de Goberno.

Con base no exposto, infórmase favorablemente a solicitude de prorroga – remitida polo Concello de Pol- relativa ao encargo da Deputación Provincial de Lugo á Empresa de Transformación Agraria S.A., S.M.E. M.P. (TRAGSA), para a realización de actuacións tendentes á prestación do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Pol, por un período de un mes (dende o 01/02/2022 ata o 28/02/2022), por importe de 35.915,47 euros (IVE incluído).

En todo caso, deberá darse traslado a Intervención a efectos de conformidade previa á adopción do acordo.”

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e visto o informe da Intervención Xeral, proponho que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Prorrogar o convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pol para a achega do medio propio Empresa de Transformación Agraria S.A. S. M. E.,



M.P. (TRAGSA) para a realización de actuacións tendentes á prestación do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Pol, por un período de un mes (dende o 01/02/2022 ata o 28/02/2022), por importe de 35.915,47 euros (IVE incluído).

2º.- Ordear á empresa TRAGSA a aprobación do encargo e comunicar ao Concello de Pol a prórroga do convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Segunda addenda ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Entidade Escuela de Música de Antas de Ulla, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “125 anos resoando no corazón de Galicia”, anualidade 2021 (aprobado por acordo de Xunta de Goberno de data 24 de setembro de 2021).*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, no que literalmente se establece:

“Asunto: Segunda addenda ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Escuela de Música de Antas De Ulla, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “125 anos resoando no corazón de Galicia”, anualidade 2021 – EXPTE.: 2022/PES_03/001269.

En relación ao asunto de referencia (EXP.: 2022/PES_03/001269) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de setembro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

1. “Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 18.000,00 €, a favor da entidade Escuela de Música de Antas de Ulla, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “125 anos resoando no corazón de Galicia”, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2021 para esta liña (Anexo I).

2. Aprobar o gasto de 18.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9250.48900 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021, a favor da entidade Escuela de Música de Antas de Ulla, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “125 anos resoando no corazón de Galicia”.

3. Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.”

Segundo.- O convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Escola de Música de Antas de Ulla, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “125 anos resoando no corazón de Galicia”, na anualidade 2021, formalizouse o 8 de outubro de 2021.

Terceiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 23 de decembro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

“Modificar a cláusula sétima (Gastos subvencionables) do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Escola de Música de Antas de Ulla, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “125 anos resoando no corazón de Galicia” formalizado o 8 de outubro de 2021, nos termos da addenda incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de referencia.”



Cuarto.- A Addenda ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Escola de Música de Antas de Ulla, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “125 anos resoando no corazón de Galicia”, na anualidade 2021, formalizouse o 23 de decembro de 2021.

Quinto.- A representante da Escola de Música de Antas de Ulla remitiu, o 24 de xaneiro de 2022 (2022RT000645) escrito no que literalmente se establece o seguinte:

“D^a Alba Val Noguerol, con DNI **5525***, en calidade de Presidenta da Asociación Escola Banda de Música de Antas de Ulla, CIF G27029891 e domicilio a efectos de notificacións en Antas de Ulla (Lugo), R/Miguel Ángel Blanco S/N, C.P. 27570, por medio do presente

Solicito,

a ampliación do prazo de execución do convenio “125 anos resoando no corazón de Galicia” na anualidade 2021 ata o 31 de Marzo do 2022, por motivo da situación sociosanitaria do noso concello e da Comarca da Ulloa. Tal como indican as autoridades sanitarias consideramos que non procede organizar un evento cultural no que vamos contar con gran afluencia, onde poidamos poñer en risco a saúde pública. Así mesmo, debido ao retraso na execución deste convenio solicitamos a posibilidade de proceder a xustificación do mesmo ata o 30 de abril do presente ano.

Por último, cabe citar que, todas as actividades recollidas na memoria do 125 aniversario foron realizadas dentro do prazo de execución estimado inicialmente (ano 2021), á excepción da Gala de Nadal, que sería o último concerto deste proxecto. Indicar que procederemos á realización da mesma tan pronto como sexa posible e atendendo ás recomendacións das autoridades sanitarias”.

Polo que o que se pretende é unha modificación da Cláusula Sétima, nos apartados referidos á xustificación e aboamento da subvención, e aos gastos subvencionables, do citado convenio de referencia asinado en data 8 de outubro de 2021.

Consideracións xurídico- administrativas:

Primeira.- Na cláusula Décimo Cuarta (vixencia do convenio e modificación), do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de

Lugo á entidade Escola de Música de Antas de Ulla, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “125 anos resoando no corazón de Galicia”, establécese que:

“A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2021, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro de 2023, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2022, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

En calquera momento e antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscrición da addenda de modificación respectiva.”

Segunda.- En canto ao órgano competente para aprobar esta Segunda Addenda ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Escola de Música de Antas de Ulla, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “125 anos resoando no corazón de Galicia”, é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou a concesión desta.

Conclusiones:

Primeira: Segundo o disposto na Cláusula Sétima do Convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Escola de Música de Antas de Ulla, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “125 anos resoando no corazón de Galicia”, o convenio atópase vixente e cabe a súa modificación mediante a subscrición dunha addenda.



Segunda: Por todo o exposto, tendo en conta que o convenio está vixente, que o beneficiario ten a vontade de cumprir cos compromisos asumidos no convenio e acadar a finalidade pretendida, isto é, os fins de interese público ou xeral que xustifican esta acción de fomento, infórmase favorablemente que pola Xunta de Goberno se adopte o acordo de modificar a Cláusula Sétima; concretamente, o apartado referido á xustificación e aboamento da subvención, e o relativo aos gastos subvencionables, do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Escola de Música de Antas de Ulla, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “125 anos resoando no corazón de Galicia”, que quedarían redactados como segue:

“Cláusulas:

(...)

Sétima. - Xustificación e aboamento da subvención.

Obriga establecida no 31 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24 de execución do Orzamento Xeral Vixente.

O beneficiario deberá achegar, como prazo máximo, o día 30 de abril de 2022 a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a abrigo de que o beneficiario se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -telematicamente-.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen achegarse a mesma, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na

lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidata, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do ano 2021 e ata o 31 de marzo de 2022.

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro das anualidades correspondentes, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma”.

As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta Segunda Addenda, permanecerán invariables.”

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Modificar a Cláusula Sétima - Xustificación e aboamento da subvención, e Gastos subvencionables - do Convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Escola de Música de Antas de Ulla, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “125 anos resoando no corazón de Galicia”, formalizado o 8 de outubro de 2021, nos termos da Segunda



Addenda incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de referencia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS DEPÓSITOS PREVIOS Á OCUPACIÓN DO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO POLA VÍA DE URXENCIA: FOZ.- ACONDICIONAMENTO DA LU-P-0210 "A SEARA (LU-160)-SAN ACISCLO (LU-152A), DO P.K. 5,100 AO 5,236.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Con data do 2 de xullo do 2021 a Xunta de Goberno desta Deputación acordou o inicio do expediente expropiatorio pola vía de urxencia para o proxecto: FOZ.- Acondicionamento da LU-P-0210 “A Seara (LU-160) – San Acisclo (LU-152A), do P.K. 5,100 ao 5,236”.

Con data do 3 de decembro do 2021 decretouse pola Presidencia a elaboración das Follas de Depósito Previo á ocupación dos bens e dereitos necesarios para execución das obras, en cumprimento do artigo 52.4 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa. A Resolución e as Follas foron notificadas aos interesados.

Pasado o prazo outorgado aos afectados para a presentación dos Pregos de Abono das citadas follas, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar e proceder ao pagamento dos depósitos previos daqueles interesados que aceptaron as Follas de valoración e presentaron os correspondentes Pregos de Abono. A relación de interesados que presentaron os Pregos debidamente cumprimentados é a seguinte:

Número de finca	Titular/es	Importe da folia de depósito previo
1	María Dolores Canoura Fernández	148,69 €
3	Ramón Fernández Pernas e Evangelina Pernas Fernández	45,43 €
TOTAL:		194,12 €

2º.- Aprobar e proceder á consignación na Caixa de Depósitos da Tesourería Provincial dos importes das fincas dos interesados que non remitiron os Pregos de Abono. A relación destes interesados é a seguinte:

Número de finca	Titular/es	Importe da folia de depósito previo
5	Fermín Río Cela	53,69 €
6-A	Juan José Goás Sánchez	4,13 €
6-B	Antonio López Suárez e María Celina López López	140,43 €
TOTAL:		198,25 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, AO ALLEAMENTO POR ADXUDICACIÓN DIRECTA DA PARCELA NÚMERO 1 DO POLÍGONO INDUSTRIAL "A RASELA", CONCELLO DE BALEIRA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria, celebrada o día 27 de agosto de 2021, aprobou iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial “A Rasela”, no Concello de Baleira, mediante poxa, así como o prego de cláusulas administrativas que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia, número 204, de data de 4 de setembro de 2021.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión celebrada o día 1 de outubro de 2021 acordou adxudicar o procedemento de alleamento de parcelas de solo empresarial, propiedade da Deputación Provincial, no Polígono Industrial “A Rasela”, Concello de Baleira, mediante poxa, adxudicando a parcela número 1, a favor de D. Rubén Fidalgo Gigán e por importe de trinta e tres mil novecentos quince euros (33.915,00 €) máis I.V.E.

O prego reitor deste procedemento, de alleamento de parcelas, establece, na súa cláusula número 10, referente ás garantías, que a garantía definitiva (o 5% do prezo final de adxudicación)



constituírase, polo adxudicatario da parcela, no prazo de 10 días hábiles desde que se comunique a adxudicación, establecendo na súa cláusula número 11 que o incumprimento na constitución de dita garantía ou a súa constitución fora de prazo, suporá o desistimento do adxudicatario na adquisición da parcela.

O adxudicatario da parcela número 1 do Polígono Industrial “A Rasela”, Concello de Baleira, D. Rubén Fidalgo Gigán non constituíu a garantía definitiva neste procedemento, así, de acordo co exposto, entendeuse desistido na adquisición desta parcela, non existindo máis ofertantes para esta parcela nesta poxa.

En data de 13 de decembro de 2021 D. Rubén Fidalgo Gigán presenta un escrito solicitando a adquisición da parcela número 1 do Polígono Industrial “A Rasela”, Concello de Baleira ofertando o importe de trinta e tres mil novecentos quince euros (33.915,00 €) máis I.V.E e indicando que o pago realizarase ao contado.

Visto o informe emitido pola Sección de Patrimonio, en data de 15 de decembro de 2021, con CSV IV7FGHI62BXNLCHOAMHA4BPW4U.

Visto o informe emitido pola Intervención, en data de 20 de xaneiro de 2022, con CSV IV7CQIA3AHWOR772QIUSCIP6CE.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno:

1º.- Aprobar o alleamento, mediante adxudicación directa, da parcela número 1 do Polígono Industrial “A Rasela”, no Concello de Baleira, a favor de D. Rubén Fidalgo Gigán por importe de trinta e tres mil novecentos quince euros (33.915,00 €) máis I.V.E.

2º.- Formalizar o contrato compraventa da parcela número 1 do Polígono Industrial de Baleira, mediante o outorgamento de escritura pública de compraventa, a favor de D. Rubén Fidalgo Gigán.

3º.- Proceder a dar de baixa no Libro Inventario de Bens desta Deputación Provincial a parcela número 1 do Polígono Industrial de “A Rasela”, no Concello de Baleira, con referencia catastral 2733101PH4623S0001SG.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, AÑO 2021.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, celebrada o día 9 de decembro de 2021, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 293, do día 23 de decembro de 2021, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2021.

Propoño,

Que pola Xunta de Goberno, se procede, se aprobe a seguinte renuncia:

ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN
CENTRO RECREATIVO CULTURAL Y DEPORTIVO DE BAAMONDE	G 27123611	1.577,00

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A REALIZACIÓN DE INVERSIONES EN INSTALACIONES DE CARÁCTER CULTURAL E PARA EQUIPAMENTOS CULTURAIS, AÑO 2021.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, celebrada o día 9 de decembro de 2021, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 293, do día 23 de decembro de 2021, para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións da provincia de Lugo, na anualidade 2021.

Propoño,

Que pola Xunta de Goberno, se procede, se aprobe a seguinte renuncia:

ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN
CENTRO RECREATIVO CULTURAL Y DEPORTIVO DE BAAMONDE	G 27123611	1.940,00

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- COMPARECENCIA EN RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 286/2021.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica do seguinte teor:

“En relación co oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo do recurso nº286/2021 interposto pola entidade Allianz Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A. contra a resolución de data 30 de agosto de 2021 ditada pola Deputación desestimatoria da “reclamación de responsabilidad patrimonial promovida por Allianz Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A. en solicitude de 3.744,76 € por los daños causados el 19-10-2020 por un corzo al turismo propiedad de Don José Eliseo González Lois, Mercedes Benz C220 CDI matrícula 4531***, en el Km. 17'1 de la carretera LU-P-4102 de Ferreira a Cubelos, de titularidad provincial”, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

16.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.